



ENQUISA SOBRE AS COMPETENCIAS BÁSICAS.

O obxectivo de esta enquisa é buscar o maior acordo entre un número o máis grande posible de mestres, sobre cales son aqueles aspectos das competencias básicas que temos máis presentes no noso traballo nas aulas. Unha vez elaborado un catálogo cos descritores máis considerados polo conxunto dos participantes na enquisa, pódense ter en conta estes resultados para relacionar os distintos elementos do currículo nas nosas programacións.

Gracias pola túa participación.

INSTRUCCIÓNS: Sinalar no para cada competencia os descritores que se consideren de maior relevancia. Algunhas das competencias conteñen un número moi elevado de descritores. Neste caso marcar, como máximo 30. En caso de que se considere que nalgunha das competencias falta algún descriptor importante, por favor, enviádenos un arquivo con eses descritores e a competencia á que corresponden.

DESCRIPTORES	
1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.	
Comunicar a outra persoa, da maneira máis clara e educada posible, unha necesidade, un desexo, un sentimento, unha preferencia, unha demanda de axuda, un ofrecimento, unha idea.	☐
Formular e responder a preguntas cara a cara de maneira precisa nos ámbitos cotiás da expresión oral (diálogo, conversación).	☐
Saudar, despedirse, presentarse, excusarse, dirixirse a alguén, pedir permiso con fórmulas e tratamento adecuados.	☐
Aportar información o máis ordenadamente posible sobre acontecementos, experiencias e puntos de vista.	☐
Usar estratexias diversas para intentar comprender o que os demais din (atender a sinais relevantes, como o ton de voz, entoación, as pausas, deterse ante as incomprensións, facer as preguntas que faga falta, sacar conclusións e ir verificando o que se vai entendendo).	☐
Atender ás reaccións da persoa con quen se fala (xestos, mirada, seguimento do tema, atención que se presta) para saber cando se ten que empregar a falar, cando se ten que calar, como ten que falarse.	☐
Mostrar interese por expresar as ideas en público de forma coherente, relacionando unhas con outras, evitando demasiadas repeticións, non sendo contradicotorio, usando conectores adecuados.	☐
Descibir e definir as características básicas de obxectos, situacións, temas concretos.	☐
Narrar ou explicar de maneira coherente e ordeada acontecementos da vida cotiá.	☐
Expresar as opinións, os desexos, as necesidades persoais... con argumentos e convencemento.	☐
Formar un xuízo crítico e ético.	☐
Adoptar decisións.	☐
Desfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita.	☐
Desenvolvemento da autoestima e a confianza.	☐
Habilidade para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno.	☐
Construcións de relacións, en termos de igualdade, entre mulleres e homes.	☐
Eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas.	☐
Resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.	☐
Ser consciente dos principais tipos de interacción verbal.	☐
Ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.	☐
Acompañar a expresión oral con outros elementos comunicativos non verbais, como a xesticulación, a mirada, a postura, o ritmo, a intensidade da voz, a entación ...	☐

DESCRIPTORES	
Utilización activa e efectiva das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.	☐
Tratar de falar cunha pronunciación correcta, cun ton respetuoso, co vocabulario adecuado e cun rexistro adecuado en situacións formais e informais.	☐
Localizar en textos de lectura habituais (un libro da biblioteca, o diccionario, mapas, anuncios, libros de consulta) información suficiente para responder preguntas que se formulan.	☐
Fixar unha información en forma de apuntes, esquemas ou comentarios escritos.	☐
Facer unha interpretación, valoración, exposición resumida, etc do lido.	☐
Usar os signos de puntuación e outras formas lingüísticas para organizar convenientemente as ideas mediante a confección de borradores, guións ou esquemas.	☐
Ter claros uns obxectivos ou intencións ó ler un texto determinado (libro de consulta, folletos de propaganda, letreiros, dicionarios, cómics, libros da biblioteca), para axustar a lectura ás súas características.	☐
Utilizar as estratexias correspondentes para buscar o tema e a idea principal de textos habituais, para facer un resumo xeral, para obter unha comprensión global.	☐
Sacar proveito das imaxes e doutros indicios que acompañan un texto ou utilizar a imaxinación cando faltan, para asugurar unha mellor interpretación.	☐
Recoñecer como diferentes os textos reais e os de ficción, os textos con descripcións, narracións, exposicións, argumentacións, instrucións, os textos con listas...	☐
Recoñecer a estrutura ou xénero literario dun texto.	☐
Controlar o proceso de lectura coa axuda de guías ou de indicación e usar recursos adecuados cando alguén se da conta que hai dificultades para a comprensión (fixarse ben no contexto, reler, consultar diccionario, contrastalo cos demais)	☐
Compoñer textos de uso práctico para situacións comunicativas precisas (avisos, cartas, mensaxes persoais, noticias, murais, traballos nomográficos), seleccionando o máis importante que se quere comunicar.	☐
Cofecer e aplicar estratexias básicas de corrección e mellora dun texto (reler o texto, revisalo ortográfica e gramaticalmente, consultar información e dúbidas, evitar repeticións).	☐
Pensar que quere escribirse e por que antes de empezar a facelo.	☐
Recoñecer situacións da vida cotiá para as que é máis adecuado escribir un tipo de texto que outro (para recordar información, para obxectivar a realidade, para comunicarse cos demais).	☐
Dotar os textos narrativos, descritivos e expositivos das súas principais características gramaticais e estruturais.	☐
Dar valor a unha presentación adecuada dos escritos persoais (limpos, ben distribuídos, intelixibles, respectando criterios acordados, telos revisado).	☐
Controlar de algún modo o proceso de escribir e utilizar recursos adecuados para mellorar a composición (non ir de presa, seguir pautas, consultar outras composicións, revisar, pedir axuda)	☐
Escribir textos literarios, formularios, curriculum vitae, instancias, cartas, informes, carteis, mensaxes electrónicos..., atendendo ás súas características lingüísticas propias, tanto de contido como de formato.	☐
Recoñecer a utilidade na vida cotiá de textos funcionais de tipoloxía diversa (como diarios, cartas, listas e follas, dicionarios, informativos, anuncios, programas, manuais de instrucións, guías ou planos, enciclopedias).	☐
Recoñecer e valorar a importancia das bibliotecas, hemerotecas, internet e outras fontes de consulta, selección e contraste da información e fomentar o seu uso.	☐
Procurar unha adecuada entoación, velocidade, pronuncia e ritmo cando se len textos habituais en voz alta.	☐
Controlar o proceso lector para asegurar unha lectura máis correcta do que di o texto. (prepararse, manter a atención, manter unha velocidade adecuada, saber que facer ante palabras difíciles).	☐
Ler cunha finalidade expresiva (historietas, noticias, poemas, cancións, etc.)	☐
Ler para ampliar as posibilidades comunicativas propias.	☐
Ler textos coa intención de gozar da súa lectura, ou de extraer información concreta.	☐
Ler en público textos diversos, coa entoación e o ritmo adecuados.	☐
Ampliar as capacidades de atención, reflexión e receptividade na lectura.	☐
Practicar técnicas e estratexias para captar a atención.	☐
Darse conta de se se está comprendendo ou non o que se le.	☐

DESCRIPTORES	
Ampliar as posibilidades comunicativas con persoas doutras culturas ou doutras prácticas lingüísticas.	☐
Darse conta das posibilidades lúdicas e expresivas da linguaxe en poemas, cancións, xogos de palabras, contos, publicidade, outras creacións literarias.	☐
Aplicar estratexias para ampliar o vocabulario e os diversos coñecementos.	☐
Seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (diálogo, lectura, escritura...)	☐
Aplicar espontaneamente as normas ortográficas básicas á hora de escribir.	☐
Controlar o proceso de escribir para asegurar mellor a correcta escritura das palabras: manter a atención, dudar ante a ortografía de determinadas palabras, saber que facer cando se cometeu un erro, consultar...	☐
Acostumarse a consultar os dicionarios para confirmar o significado ou a ortografía das palabras.	☐
Tomar a lingua como obxecto de observación e de análise.	☐
Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais.	☐
Expoñer os coñecementos aprendidos de forma adecuada ó contexto en que son solicitados (de acordo cun guión, espontaneamente, diante dos compañeiros, do mestre...)	☐
Comprender, utilizar e valorar diferentes recursos lingüísticos de uso cotiá (comparacións, refráns, frases feitas...) segundo a situación comunicativa.	☐
Entender o significado de símbolos e iconos básicos da vida cotiá (marcas, sinais de tráfico, símbolos relixiosos, iconos informáticos, lendas de planos e mapas).	☐
Darse conta da importancia que ten o feito de escoitar ben ós demais: para saber cousas que poden interesar, para entender ben o que din e queren os amigos, familiares, mestres, adultos, para evitar malentendidos.	☐
Dialogar cos demais utilizando estratexias que aseguren a comunicación: manter a atención, respeitar o turno de palabra, formular preguntas e respostas, pedir aclaracións se fai falta, intentar inferir no que queren dicir.	☐
Recoñecer a utilidade de diversas técnicas (visuais, plásticas, iconográficas, telemáticas, audiovisuais, corporais), con vistas a mellorar a capacidade de expresarse e facerse entender.	☐
Descubrir a importancia de outras formas de expresión gráfica ademais do escrito, para expresar idas e sentimentos, para comunicarse máis efectivamente ou de outras maneiras coa xente (técnicas plásticas, debuxos, imaxes, producións audiovisuais, co ordenador...)	☐
Ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa.	☐
Capacidade de poñerse no lugar doutras persoas.	☐
Capacidade de ler, de escoitar, de analizar e de ter en conta opinións distintas á propia, con sensibilidade e espírito crítico.	☐
Capacidade de expresar adecuadamente – en fondo e forma – as propias ideas e emocións.	☐
Capacidade de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.	☐
Utilizar a lingua estranxeira para poder comunicarse enriquecendo as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Respectar a maneira de expresarse das persoas que falan outras linguas que non son as habituais no contorno.	☐
Utilizar as linguas para favorecer o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.	☐
Ler para coñecer outras experiencias e culturas – presentes e pasadas-.	☐
Comprender e utilizar o galego e o castelán como linguas máis habituais.	☐
2. COMPETENCIA MATEMÁTICA.	
Interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.	☐
Coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións reais ou simuladas da vida cotiá	☐
Ser quen de ler, escribir, representar, comparar e ordear números naturais, como tamén fraccionarios e decimais sinxelos.	☐
Comprender o sistema posicional da estrutura en base 10 do noso sistema de numeración.	☐
Interpretar algúns dos usos dos números naturais, fraccionarios ou decimais en contextos próximos.	☐

DESCRIPTORES	
Coñecer a simboloxía das operacións e das relacións numéricas: =, <, >, +, -, (), a/b, % ...	☐
Coñecer os significados básicos da suma e da resta.	☐
Coñecer o significado da multiplicación como suma de sumandos repetidos e como operador multiplicativo (triplo)	☐
Coñecer o significado da división como reparto e como agrupación (cantas veces cabe unha cousa nun sitio)	☐
Saber aplicar en contextos familiares as operacións aritméticas con números decimais e naturais.	☐
Efectuar mentalmente as operacións de adición, substracción, multiplicación e división: - con números de ata dúas cifras. - con números significativos (10, 25, 500, 1000). - con números de tres cifras de maneira aproximada.	☐
Aplicar a función de proporcionalidade directa como operador (ex: facer o triplo de unha colección de valores).	☐
Efectuar cálculos de porcentaxes sinxelos.	☐
Recoñecer magnitudes mensurables: lonxitude, masa, amplitude de ángulos, tempo, superficie, capacidade.	☐
Comprender os métodos para medir con unidades estándar e familiarizarse coas unidades tradicionais e as do sistema métrico.	☐
Coñecer os conceptos de perímetros e áreas de figuras planas.	☐
Obter e usar fórmulas sinxelas de cálculo de áreas.	☐
Distinguir líneas, superficies e volumes.	☐
Coñecer as nocións e o vocabulario básico da xeometría: - formas: caracterísitcas e vocabulario. - relacións: perpendicularidade, paralelismo, simetría. - posicións: puntos e sistemas de referencia.	☐
Utilizar estratexias para facer estimacións sobre os resultados de cálculo valorando se son razoables ou non.	☐
Escoller cal é o método máis conveniente para facer un cálculo determinado: mentalmente, algoritmos, con calculadora ou co ordenador.	☐
Interpretar o enunciado dun problema, aclarando o significado dos termos e expresándoo en linguaxe coloquial.	☐
Construir formas de dous ou tres dimensións, para modelar aspectos espaciais da realidade.	☐
Utilizar a regra, a escuadra e o transportador de ángulos na representación de segmentos, ángulos e figuras planas de medidas apropiadas.	☐
Orientarse no espazo próximo e describir itinerarios sinxelos.	☐
Interpretar maquetas e planos de espazos próximos.	☐
Aplicar información a unha maior variedade de situacións e contextos.	☐
Descubrir a relación multiplicativa entre pares e de valores correspondentes a dúas magnitudes en situacións cotiás (ex: unidades de compra e o seu valor)	☐
Apreciar e recoñecer na vida cotiá, na natureza e no arte os aspectos que poden ser expresados por medio da xeometría.	☐
Ler e interpretar datos da vida cotiá presentados en forma de táboa de frecuencias e diagramas sinxelos.	☐
Recoller, analizar, organizar e representar datos da vida cotiá mediante gráficos sinxelos.	☐
Seguir cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais.	☐
Distinguir acontecementos segundo se pode preverse ou non o resultado.	☐
Diferenciar entre acontecemento probable, acontecemento seguro, acontecemento posible e acontecemento imposible.	☐
Estimar e axuizar a lóxica e validez de argumentacións e informacións.	☐
Facer prediccións sinxelas en situacións aleatorias.	☐
Seguir determinados procesos de pensamento (indución e dedución, entre outros).	☐
Efectuar con fluidez os algoritmos das operacións aritméticas con números usuais (ata 4 cifras)	☐
Valorar o grao de certeza asociado aos resultados derivados de razoamentos válidos.	☐

DESCRIPTORES	
Disposición favorable e de progresiva seguridade e confianza cara á información e ás situacións (problemas, incógnitas) que conteñen elementos matemáticos.	☐
Respecto e gusto pola certeza.	☐
Formular un problema a partir dunha situación da vida cotiá (problemática) e aplicar os coñecementos matemáticos co fin de resolvelo.	☐
Resolver problemas dunha, dúas ou máis etapas de cálculo en contextos cotiás.	☐
Utilizar todas as ferramentas matemáticas que coñece (establecer relacións, significados das operacións, usos dos números...) para resolver problemas en contextos sinxelos, utilizando estratexias propias.	☐
Ser consciente do proceso de resolución de problemas a través da verbalización.	☐
Presentar de maneira ordeada e clara o proceso na resolución dos problemas e expresar claramente a solución obtida.	☐
Facer estimacións razoables de lonxitude, paso, capacidade e tempo en situacións próximas.	☐
Calcular superficies en situacións sinxelas.	☐
Aplicar as nocións e métodos de medida, de lonxitude e área á resolución de problemas reais.	☐
Comprender que a medida é unha aproximación e que a unidade usada afecta á precisión.	☐
Valorar o uso da medida para tratar e resolver situacións próximas.	☐
Identificación de situacións que se poden afrontar cos elementos matemáticos.	☐
Escoller e utilizar adecuadamente as unidades e os instrumentos apropiados para medir lonxitudes, capacidades, masas e espazos de tempo.	☐
Aplicación de estratexias de resolución de problemas.	☐
Efectuar e presentar claramente os cálculos.	☐
Saber expresar o resultado dunha medida indicando o número e a unidade utilizados.	☐
Selección de técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible.	☐
Usar con facilidade a calculadora para facer cálculos longos e comprobacións.	☐
Aplicar as equivalencias entre as diversas unidades dunha magnitude para expresar unha medida en diversas unidades.	☐
Valorar as vantaxes de dispoñer dun sistema convencional e internacional.	☐
Ser constante na realización do traballo e non desanimarse ante as dificultades.	☐
Aceptar a necesidade de rectificar a partir do erro.	☐
Coñecer os conceptos básicos da administración da economía próxima: sistema monetario, orzamento (persoal, saídas...).	☐
Resolver situacións próximas de compras e gastos.	☐
Saber optimar o orzamento persoal destinado ós gastos propios cotiás.	☐
Saber comprar de acordo coas necesidades iniciarse na valoración da relación calidade/prezo.	☐
Utilizar os conceptos e procedementos da matemática nas outras materias.	☐
3. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN DO MUNDO FÍSICO.	
Percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala como no contorno inmediato.	☐
Interpretar fenómenos sinxelos observables no mundo físico e natural.	☐
Habilidade para interactuar co espazo circundante.	☐
Ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, o seu asentamento, a súa actividade, as modificacións que introducen e as paisaxes resultantes.	☐
Valorar a importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, e se manteña a solidariedade global e interxeracional.	☐
Demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias.	☐
Demostar hábitos de consumo responsables na vida cotiá.	☐

DESCRIPTORES	
Argumentar racionalmente as consecuencias duns ou doutros modos de vida.	☐
Adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudables nun contorno natural e social tamén saudable.	☐
Donsiderar a dobre dimensión – individual e colectiva- da saúde.	☐
Mostrar actitudes de responsabilidade e de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.	☐
Coñecemento do corpo humano.	☐
Coñecer as características básicas do sistema reproductor humano e as diferenzas entre sexos.	☐
Comprender en que consiste a fecundación humana e, a grandes rasgos, os procesos que se dan durante o embarazo e o nacemento dun neno.	☐
Apreciar na sexualidade humana a función reproductora e a afectiva.	☐
Coñecemento da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela.	☐
Coñecer algúns fenómenos naturais sinxelos relacionando causas relevantes e efectos.	☐
Explicar algúns dos cambios fácilmente observables que producen os seres vivos na natureza e na dinámica da Terra.	☐
Coñecer os materiais de que están feitos os obxectos que nos rodean, as súas características (dureza, plasticidade, fraxilidade)	☐
Identificar diferentes fontes de enerxía e distinguir as que son renovables das que non o son.	☐
Coñecer as fontes primarias da electricidade e a combustión: saltos de auga, muíños eólicos, sol, combustibles, nuclear.	☐
Identificar os grandes tipos de organismos, as funcións que fan (nutrición, relación e reprodución), e as características que lles permiten adaptarse ó medio.	☐
Clasificar os alimentos en función do tipo de nutrientes que os compoñen.	☐
Identificar diferentes sistemas de conservación dos alimentos.	☐
Identificar preguntas ou problemas.	☐
Obter conclusións baseadas en probas, coa finalidade de comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que a actividade humana produce no medio natural, na saúde e na calidade de vida das persoas.	☐
Valorar a actividade física e o control do propio corpo.	☐
Aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e de teorías científicas básicas previamente comprendidas.	☐
Identificar e propoñer problemas relevantes.	☐
Realizar observacións directas e indirectas con conciencia do marco teórico ou interpretativo que as dirixe.	☐
Observar e clasificar obxectos de forma directa.	☐
Aplicar procesos cognitivos simples (observar directamente, comparar, clasificar, combinar dúas variables) co obxecto de responder a unha pregunta.	☐
Formular preguntas.	☐
Localizar, obter, analizar e representar información cualitativa e cuantitativa.	☐
Dada unha determinada fonte de datos, saber atopar informacións.	☐
Propoñer e contrastar solucións, tentativas ou hipóteses.	☐
Realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade.	☐
Identificar o coñecemento dispoñible (teórico e empírico) necesario para responder ás preguntas científicas, e para obter, interpretar, avaliar e comunicar conclusións en diversos contextos (académico, persoal e social).	☐
Recoñecer a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora como construción social do coñecemento ao longo da historia.	☐
Planificación e manexo de solucións técnicas, seguindo criterios de economía e de eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.	☐
Deseñar e elaborar un proxecto técnico sinxelo.	☐
Identificar os recursos enerxéticos que se utilizan e valorar a importancia de non malbaratalos.	☐

DESCRIPTORES	
Valorar a importancia de non comprar cousas innecesarias.	☐
Saber en que contenedor teñen que deixarse os distintos tipos de residuos e aplicar sistemas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e na familia.	☐
Identificar as principais estratexias de aforro enerxético.	☐
Ser quen de determinar algunhas accións positivas dirixidas á preservación do contorno máis inmediato.	☐
Valorar a importancia da boa calidade da auga, o aire e o sol para a nosa saúde e o mantemento da vida.	☐
Coñecer algúns dos factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, refriados, gripe, etc.) para favorecer a prevención.	☐
Coñecer o contido dun botiquín e as súas aplicacións.	☐
Comprender os riscos do consumo do tabaco e o alcol, así como de outras substancias (drogas) de uso non terapéutico.	☐
Valorar a formación de hábitos alimenticios saudables.	☐
4. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.	
Procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice.	☐
Dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora). E das súas pautas de descodificación e de transferencia.	☐
Aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes en que esta adoita expresarse.	☐
Organizar, relacionar, analizar, sintetizar a información.	☐
Facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade.	☐
Comprender a información e integrala nos esquemas previos de coñecemento.	☐
Comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.	☐
Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento.	☐
Utilizar as TIC como ferramenta no uso de modelos de procesos matemáticos, físicos, sociais, económicos ou artísticos.	☐
Procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornos colaborativos ampliando os contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais.	☐
Xerar producións responsables e creativas.	☐
Comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos.	☐
Coñecemento do efecto que os medios tecnolóxicos teñen no mundo persoal e sociolaboral.	☐
Manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e de hardware que vaian xurdindo.	☐
Aproveitar a información e analizala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica.	☐
Coñecer e relacionarse con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos.	☐
Utilizar as TIC como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer.	☐
5. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.	
Utilizar o coñecemento sobre a evolución e organización das sociedades e sobre os trazos e valores do sistema democrático.	☐
Utilizar o xuízo moral para elixir e tomar decisións.	☐
Exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía.	☐
Comprensión da realidade histórica e social do mundo, da súa evolución, dos seus logros e dos seus problemas.	☐
Explicar o porque de nomes de rúas (prazas, paseos) do pobo ou da cidade.	☐
Coñecementos e conciencia da existencia de distintas perspectivas ao analizar a realidade.	☐

DESCRIPTORES	
Axuizar os feitos e problemas sociais e históricos.	☐
Recoñecer a presenza en Galicia de pobos que deixaron pegada nela.	☐
Coñecer e describir acontecementos clave da historia de Galicia e España como pobo.	☐
Reflexionar sobre os problemas sociais e históricos de forma global e crítica.	☐
Realizar razoamentos críticos e lóxicamente válidos sobre situacións reais.	☐
Dialogar para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.	☐
Dialogar cos demais de maneira adecuada.	☐
Entender os trazos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo.	☐
Comprensión da achega que as diferentes culturas fixeron á evolución e progreso da humanidade.	☐
Sentimento común de pertenza á sociedade en que se vive, compatibilizando cidadanía global con identidade local.	☐
Identificarse como membro dunha familia e dunha comunidade.	☐
Valorar a amizade e demostralo con comportamentos adecuados.	☐
Habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e de intereses forman parte da convivencia.	☐
Resolver conflitos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando tanto os coñecementos sobre a sociedade como unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade.	☐
Valores de colaboración, compañeirismo e de solidariedade a través do deporte, e a súa aplicación a outros ámbitos da vida do alumnado.	☐
Mostrarse sensible ó contorno (natureza, arte, cultura, etc.)	☐
Aceptar e practicar normas sociais (referidas á saúde, hixiene, alimentación, protección e seguridade persoal.	☐
Coñecer e respectar os referentes que manteñen a propia identidade como pobo (símbolos, lugares, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións).	☐
Argumentar e xustificar a necesidade de conservación do patrimonio (paisaxe, bosques, montañas, praias, xardíns, monumentos, etc.).	☐
Avaliar os valores do contorno e reconstruílos afectiva e racionalmente para crear progresivamente un sistema de valores propio e comportarse en coherencia con eles ao afrontar unha decisión ou un conflito.	☐
Entender que non toda posición persoal está baseada no respecto a principios ou valores universais.	☐
Coñecerse e valorarse.	☐
Identificar as emocións propias (medo, rabia, tristeza, enfado, alegría, etc.) e as súas posibles causas.	☐
Darse conta das propias actitudes.	☐
Saber comunicarse en distintos contextos.	☐
Saber expresar as propias ideas e escoitar as alleas.	☐
Recoñecer as diferentes habilidades dos compañeiros de clase co fin de facilitar o o coñecemento propio.	☐
Ser capaz de poñerse no lugar do outro.	☐
Argumentar e entender razóns a favor e en contra de determinados comportamentos.	☐
Valorar a honradez dos compañeiros.	☐
Evitar unha actitude de crítica sistemática coas aportacións dos demais.	☐
Darse conta de que pode haber diferentes puntos de vista dun mesmo feito, fenómeno ou problema, e que o que un pensa non é o que ten que pensar todo o mundo.	☐
Tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria.	☐
Valoración das diferenzas.	☐
Rexeitar todo tipo de intolerancia e de discriminación por razóns de sexo, de raza, de clase, nacionalidade, relixión, etnia.	☐

DESCRIPTORES	
Práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver conflitos.	☐
Usar as convencións adecuadas nas relacións sociais (saúdos, presentacións, exposición de opinións, desexos e queixas)	☐
Preferir participar (colaborar, axudar, aportar) a manterse ó marxe (por creerse pouco competente, por rexeitamento dos demais).	☐
Saber que fai falla facer e comportarse como é debido en situación sociais (a rúa, lugares públicos, de ocio, de culto, espazos festivos, parques, museos, teatros, etc.) e comportarse adecuadamente (con respecto, interese, contriguindo á limpeza, evitando degradación, facendo caso dos avisos, gozando do lugar e do momento).	☐
Respectar as normas de convivencia (no centro escolar, na familia, na vía pública, nas actividades de lecer)	☐
Tratar como iguais a todas as persoas, con dignidade e de maneira solidaria.	☐
Coñecemento e comprensión dos valores en que se asentan os etados e sociedades democráticas, dos seus fundamentos, modos de organización e funcionamento.	☐
Reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía,, con particular atención aos dereitos e deberes recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución española e na lexislación autonómica, así como a súa aplicación por aparte de diversas institucións.	☐
Definir as principais características da organización da vida social.	☐
Entender que as normas se fan para regular a convivencia.	☐
Mostrar un comportamento coherente cos valores democráticos.	☐
Diferenciar entre dereitos e deberes, saber que poden cambiar no tempo e que non son os mesmos en todas as sociedades.	☐
Recoñecer e cumprir dereitos e deberes.	☐
6. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.	
Apreciar o feito cultural en xeral.	☐
Coñecer as manifestacións significativas da arte propias e as doutras culturas.	☐
Habilidades de pensamento converxente e diverxente (reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos)	☐
Atopar fontes, formas e canles de comprensión e expresión.	☐
Planificar, avaliar e axustar os procesos necesarios para alcanzar uns resultados.	☐
Expresarse, comunicarse e percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.	☐
Poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.	☐
Habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final, e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.	☐
Coñecementos básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.	☐
Coñecementos básicos das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural.	☐
Identificar as relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade – a mentalidade e as posibilidades técnicas da época en que se crean- ou coa persoa ou colectividade que as crea.	☐
Ter conciencia da evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa que os factores estéticos desempeñaron e desempeñan na vida cotiá das persoas e das sociedades.	☐
Aprecio da creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.	☐
Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, a importancia do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.	☐
7. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER.	
Ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender.	☐
Utilizar fontes de información (orais, escritas, audiovisuais) de maneira autónoma ou por indicación, para estar ben informado, formarse unha opinión, e saber que fai falla facer ante unha situación determinada.	☐
Ser consciente de como se aprende.	☐

DESCRIPTORES	
Ser consciente de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.	☐
Coñecer as propias potencialidades e carencias, sadcando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.	☐
Ter consciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como atención, a concentración, a memoria, a comprensión e as expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras.	☐
Obter un rendemento máximo e personalizado coa axuda de distintas estratexias e técnicas: de estudo, de observación e rexistro sistemático de feitos e de relacións, de traballo cooperativo e por proxectos, de resolución de problemas, de planificación e de organización de actividades e tempos de forma efectiva.	☐
Coñecemento sobre os diferentes recursos e fontes para a recolla, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.	☐
Analizar críticamente as informacións de diferentes medios (televisión, anuncios, revistas, películas, libros, testemuñas orais, etc.).	☐
Curiosidade de formularse preguntas.	☐
Identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema utilizando diversas estratexias e metodoloxías que permitan afrontar a toma de decisións, racional e creiticamente, coa información dispoñible.	☐
Habilidades para obter información – xa sexa individualmente ou en colaboración – e, moi especialmente, para transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal e sabendo aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.	☐
Proporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumplilas, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista.	☐
Perseveranza na aprendizaxe.	☐
Valorar a aprendizaxe como un elemento que enriquece a vida persoal e social.	☐
Ser capaz de autoavaliarse e artorregularse, responsabilidade e compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e con os demais.	☐
8. AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.	
Adquisición e consciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas: responsabilidade, perseveranza, coñecemento de si mesmo e autoestima, creatividade, autocrítica, control emocional, capacidade de elixir, calcular riscos, afrontar problemas.	☐
Reflexionar sobre situacións da propia vida e explicalas a partir dalgúns antecedentes.	☐
Capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.	☐
Levar a cabo as tarefas encargadas e valorar o esforzo.	☐
Apreciar a observación dos aspectos mellorables nos traballos e mostrar interese na mellora.	☐
Capacidade de elixir con criterio propio.	☐
Capacidade de imaxinar proxectos.	☐
Valorar a previsión dos perigos dunha situación.	☐
Levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais, responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.	☐
Prever as consecuencias (positivas ou negativas) derivadas de determinados comportamentos.	☐
Ter o hábito de consultar as fontes de información ó alcance (dicionarios, enciclopedias) e resolver problemas sinxelos da vida cotiá (guía telefónica, planos da cidade, rede de autobuses, metro)	☐
Transformar as ideas en accións: propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos.	☐
Reelaborar as propostas previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.	☐
Coñecer as alternativas ante unha situación coas ventaxas e inconvenientes de cada unha.	☐
Recoñecer as habilidades persoais e darse conta das limitacións propias.	☐
Valorar o coñecemento dos aspectos positivos e das posibilidades de éxito que ten cada un.	☐

DESCRIPTORES	
Cofiecer as fases de desenvolvemento dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito e autoavaliarse, tirar conclusións e valorar as posibilidades de mellora.	☐
Valorar o feito de pensar, sen precipitarse, no momento de iniciar unha tarefa.	☐
Ter unha visión estratéxica dos retos e oportunidades.	☐
Identificar e cumprir obxectivos.	☐
Manter a motivación para lograr o éxito nas tarefas emprendidas.	☐
Ser capaz de poñer en relación a oferta académica, laboral ou de lecer dispoñible, coas capacidades, desexos e proxectos persoais.	☐
Actitude positiva cara ó cambio e á innovación que presupón flexibilidade de formulacións para que se comprendan os devantditos cambios como oportunidades, para adaptarse crítica e construtivamente a eles.	☐
Afrontar os problemas e atopar solucións en cada un dos proxectos vitais que se emprenden.	☐
Dipoñer de habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e parar traballar en equipo.	☐
Poñerse no lugar do outro.	☐
Valorar as ideas dos demais.	☐
Dialogar e negociar.	☐
Asertividade para comunicarlles adecuadamente aos demais as propias decisións.	☐
Traballar de forma cooperativa e flexible.	☐
Habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos.	☐
Confianza nun mesmo.	☐
Empatía.	☐
Espírito de superación.	☐
Habilidades para o diálogo e a cooperación.	☐
Habilidades para a organización de tempos e tarefas.	☐
Capacidade de afirmar e defender dereitos.	☐
Capacidade de asunción de riscos.	☐